

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Tras a aprobación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, cada centro, dentro do seu PEC, ten que elaborar un PROXECTO LINGÜÍSTICO. Atendendo a esta necesidade o Equipo de Normalización do centro elaborou un borrador que servise de marco para a discusión por todo o profesorado ao través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que foi a encargada de levar a proposta a nivel de ciclos e de voltar coas aportacións destes. O documento que manexamos arestora é, xa que logo, o froito do debate e a participación de todo o profesorado.

a) Distribución do currículo:

En Ensino Infantil, das dúas liñas que existen unha é en galego. Na outra liña, aínda que se fai uso do castelán como lingua vehicular, non se esquece o uso do galego e a tradución de toda a terminoloxía.

En Ensino Primario as linguas que se deben impartir *obrigatoriamente* en *galego*, e que de feito son impartidas, son as áreas de:

- matemáticas,
- coñecemento do medio natural, social e cultural
- educación para a cidadanía e dereitos humanos
- lingua Galega

A maiores destas, no noso centro estanse a impartir tamén en galego as clases de educación artística e de educación física. Tamén queremos sinalar que aínda que o idioma que se emprega con normalidade no ensino das clases de Lingua Estranxeira: Inglés é precisamente o inglés, cando o mestre por algunha razón ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un aviso...) faino en Galego.

b) Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico no que afecta o fomento de plurilingüismo contamos con:

Profesorado de inmigración:

Haberá que ter en conta que este ano non existe a figura específica de profesorado de apoio á inmigración, que se integra dentro do equipo de profesorado de pedagogía terapéutica.

Na actualidade, dadas as necesidades do centro só atende a alumnos/as estranxeiros/as que non coñecen ningunha das linguas da comunidade, e o traballo que nela se realiza é de aprendizaxe e afianzamento da lingua castelá. Sería desexable, e así pretendemos que sexa, que esta atención se puidese ampliar a aqueles alumnos/as que proveñen doutras comunidades e que non coñecen o galego. Sabemos que estas necesidades requiren dunha dotación en horas das que arestora carecemos, polo que a dotación de maior número de persoal resulta necesaria para poder ofertar este servizo.

Profesor de lingua portuguesa que presta apoios excepcionais ao alumnado recién chegado dende Portugal. O seu labor consiste fundamentalmente no reforzo dos contidos traballados nas distintas áreas e que por mor do escaso dominio do castelán e/ou galego, non son quen de adquirir.

Resulta curioso e non sabemos a que se debe o fenómeno, pero a pesares do

achegado do galego e o portugués, prodúcense moitas dificultades nestes alumnos/as para se incorporar á fala.

c) Criterios para determinar a lingua predominante do contorno suxerimos:

Enquisa lingüística entre o alumnado e as súas familias:

A enquisa non ha ser necesario facerlla a todo o alumnado do centro, xa que cunha mostra realizada sobre un nivel de alumnado, acadaremos un nivel de fiabilidade dos resultados similar a unha enquisa realizada sobre a totalidade do censo. Pola contra a redución da cantidade de alumnado na mostra permitirá unha realización da enquisa moito máis rigorosa, fiable e, ao cabo dará uns resultados que permitirán traballar con gran seguridade da súa representatividade.

O curso ao que probablemente se lle pasará a enquisa será un do segundo ciclo de primaria, por ser este ciclo o que se encontra na metade da escolaridade no centro, e non ser grande a diferenza en anos (que se poderían traducir en cambios nos comportamentos lingüísticos das familias e dos nenos) cos extremos desta escolaridade (Infantil de 3 anos e 6º de Primaria).

Observación directa:

A observación directa do alumnado por parte do profesorado do centro poderá aportar datos de gran interese para o coñecemento da realidade socio-lingüística do noso entorno.

Moitos parámetros asociados a comportamentos relacionados con actitudes diglósicas, uso de lingua A ou B en función de distintos contextos de comunicación, etc... son datos que unha boa actitude de observación do profesorado pode aportar para a súa delimitación exacta.

Para o rexistro destas observacións o equipo de normalización facilitará fichas de observación para o profesorado e así mesmo poderanse realizar anotacións nun anecdotario.

Atlas lingüístico.

Os datos que pode aportar o Atlas Lingüístico de Galicia son razoablemente fiables para os valores de tipo de poboación que alí se manexan. De feito na primeira enquisa que se fixo no colexio a respecto da lingua e os seus usos, e os resultados que aportaba o ALGA resultaban similares en todos os apartados tratados. Polo tanto poderemos consultar estas ferramentas realizadas por verdadeiros profesionais da lingua e con mostraxes e métodos científicos de cuantificación dos resultados.

d) Medidas para mellorar a competencia lingüística do alumnado:

Elaboración da revista escolar "Trágame Terra":

Esta revista édítase dende hai uns dez anos para conmemorar o día das letras galegas. A revista acollerá os traballos realizados polos alumnos e alumnas en galego, os traballos de investigación e os creativos, pasatempos, contos, cómics... co fin de reforzar o interese pola escrita no noso idioma. Co mesmo fin, o de valorizar estes traballos, pensamos que é de interese que o reparto da revista se faga o primeiro día das letras galegas e que non se leve ás casas

deica o último día da mesma, traballándose os seus contidos nas clases (dándolles cores aos cómics, empregando a revista como libro de lectura nesa semana, realizando as actividades -hieroglíficos, sopas de letras, encrucillados...-)

Programa de radio.

Nos últimos anos o ENL tiña centrado os seus esforzos en fomentar o uso oral do idioma. Decatábase do paradoxo de ter uns alumnos/as de entorno galego falante, cun dominio escrito do idioma aceptable, pero que non facían, cando menos no ámbito escolar, un uso habitual da lingua. Neste sentido de fomentar a oralidade naceu a iniciativa da realización de programas de radio.

Os programas de radio inicialmente realizábanse para emitirse no patio do recreo, e logo pasaron a se emitir, en festas e celebracións escolares, pola megafonía interna do colexio en horario de clases.

Empece a iniciativa a falla de material axeitado para gravación que resta calidade de son, e a escasez, sempre real, de tempo para a súa realización. Non obstante pensamos que se debe facer un esforzo significativo para que se sigan realizando e academos un uso máis frecuente do idioma entre os alumnos e alumnas.

Obras de teatro.

Tamén esta é outra das actividades que normalmente se veñen desenvolvendo no plano de fomentar a oralidade do idioma entre o alumnado, e que coidamos debe seguir sendo un elo importante no campo normalizador e dinamizador do noso idioma no colexio. As representacións teatrais estimulan moitísimo aos rapaxes e rapazas que as interpretan así como ao resto dos compañeiros/as que acuden ás súas representacións. Ben é certo que o traballo de montaxe, escenografía, ensaios... resulta ás veces agobiante, sobre todo se queda exclusivamente a cargo de un ou dous mestres, polo que sería desexable que cando se acometa un proxecto deste tipo que sexa un equipo de mestres os que traballen dividíndose a realización da actividade.

Tamén coidamos que non só o ensaio, senón a preparación da tramoia, vestiarios, etc... son espazos nos que se debe coidar a presenza do idioma entre o alumnado.

Lectura dramatizada e recitado de poesía:

De menor coste en traballo e infraestructuras cas montaxes teatrais, pero aínda así de grande interese, é a lectura dramática de textos en galego. Esta actividade pódese desenvolver no marco das aulas de galego, plástica e/ou coñecemento (recreando por exemplo esceas históricas), e ser realizadas na propia aula ou mesmo representada diante doutras clases do colexio.

Actividades complementarias en galego.

As actividades complementarias e extraescolares, xa que son realizadas por persoas alleas ao ENDL ou ao claustro de mestres, moitas veces descoidan a utilización do galego, e mesmo, cunha actitude claramente diglósica realízanse en castelán. Dende o colexio, por medio da coordinadora de actividades complementarias, hase insistir na realización destas actividades en galego, a poder ser, e mesmo seleccionar, dentro do abano que se ofrecen, aquelas que teñan un carácter normalizador do idioma.

Fomentar entre o profesorado a elaboración e/ou traducción de paquetes clic en galego.

Dende hai xa bastantes anos e na clase de Informática véñense usando como material didáctico paquetes de actividades clic. Moitos deles están en galego, pero sería bo acometer a realización de paquetes novos, naqueles temas ou aspectos que non existan recursos na rede, e a traducción daqueles outros realizados noutras linguas do estado e que vexamos que teñen interese educativo.

Adquisición de material didáctico en colaboración coa biblioteca.

Moitas veces a realización de actividades didácticas sobre distintos temas ou centros de interese, vense dificultados pola ausencia no centro de materiais didácticos na nosa lingua. A biblioteca de centro pode e debe recoller as solicitudes de materiais feitas polo profesorado e proceder a adquisición destes recursos, ou procurar dentro dos catálogos das editoriais as ofertas que se axusten ao requerido polo profesorado do centro.

Adquisición de material en soporte informático para traballar a comprensión lectora en galego.

Tamén e como complemento ao ensino e aproveitamento das TICs nas aulas e á incorporación do galego como lingua do século XXI, deberase proceder a adquisición do material informático que poidamos obter en galego. En especial deberíase proceder á adquisición de material para o traballo da comprensión lectora en galego, con vistas a favorecer a integración lingüística do alumnado inmigrante.

Facer concursos literarios con motivo do magosto, o nadal, o entroido,...

Moitas veces participamos en concursos a nivel estatal, galego ou mesmo provincial, polo alicente motivador que supoñen. Non embargantes este mesmo carácter distante do concurso dificulta un seguimento do mesmo, saber como quedamos situados nel, ou mesmo percibir os premios como algo real, co que, ao cabo, poden chegar a resultar frustrantes. Proponse a realización dalgúns concursos no propio centro, co que se gaña en achegamento aos alumnos/as e en motivación para a participación.

Inventar unha mascota que sirva para lembrar aos alumnos que cando estea presente na aula teñen que falar en galego.

A actitude dos nosos alumnos e alumnas a respecto do galego non é negativa, pero o que si é certo é que o hábito de falar castelán fai que, ás veces, esquezan a necesidade de empregar o galego. Así os nenos moitas veces en clases que debemos falar galego, esquécense desto e preguntan en castelán tendo que lles recordar constantemente a necesidade de falar galego. Pensamos que isto se pode solucionar colocando ben visible nas clases un icono, produto dun concurso de ideas entre o alumnado, que lembre ao alumnado a necesidade de falar galego mentras o boneco estea presente.

Traducción de materiais de avaliación psicolóxica e lingüística utilizados polo persoal do departamento de orientación.

Como xa se comentou a carencia de materiais en galego faise máis aguda en determinadas áreas como as TICs e o campo da psicoloxía, nomeadamente os tests. Como consecuencia a avaliación das capacidades lingüísticas do alumnado son difíciles de determinar sen a axuda dun material especializado.

Por iso dende o departamento de orientación apuntábase a necesidade de acometer o proceso de tradución e adecuación destes tests ao galego.

Recollida de materiais de tradición oral entre as familias dos alumnos/as e posteriormente traballalos na clase e usalos como centro de interese para as distintas materias.

Este tipo de actividades resultan especialmente atractivas e motivadoras para o alumnado como xa se ten demostrado en ocasións anteriores nas que se puxeron en práctica. O traballo de recollida achega as familias á escola e revive o espazo de transmisión cultural que, ata o de agora, foi o encargado do paso do galego de xeneración en xeneración. Valoralo dende a escola é, sen dúbida, un paso moi importante para que o alumnado tamén o valore.

Exercitar a tradución ao galego de textos poéticos e narrativos en castelán e viceversa.

Xa que queremos contar cun alumnado competente nos dous idiomas da comunidade, o verquido de pequenas obras literarias dunha lingua a outra pode axudar a este obxectivo.

Dentro da elaboración do PROXECTO LINGÜÍSTICO do CENTRO asumimos a elaboración do PLAN SOCIOLINGÜÍSTICO do CENTRO xa que se considera unha ferramenta de planificación necesaria para incidir nos aspectos decisivos no proceso normalizador do idioma. O labor do equipo de normalización será o de ir propoñendo distintos aspectos para a súa discusión polo claustro e a comunidade escolar, co fin de acadar un documento de consenso que impulse dunha vez por todas o proceso normalizador.

Por último o ENDL para se axustar ao novo ordeamento precisa do nomeamento do novo membro representante do persoal laboral do centro, xa que non se inclúe ao alumnado dada a pouca idade na etapa de primaria. Para este nomeamento os actuais membros do equipo farán unha campaña explicativa das funcións entre o persoal non docente do centro e animarán a estes a que elixan un representante para o equipo.